

Bo día familias!

O 20 de marzo é o día da narración oral.

“É condición natural en todos os pobos dar resposta a tres preguntas: de onde vimos, quen somos e a onde queremos ir. De ahí a creación de seres e ubicacións que xustifiquen que nós estamos aquí para algo”

Antonio Reigosa

Xornadas Hume 2015

Escritor, conferenciante e investigador da mitoloxía popular e da lingua galega de tradición oral.

É dicir todas aquelas historias que nos contaban os nosos familiares de máis idade leváronnos ao coñecemento do que pasou, do que está a pasar e do que virá dun modo lúdico.

Desde o equipo de biblioteca ofrecémosvos dous recursos vinculados a tradición oral. Un conto popular contado por Antonio Reigosa e un xogo de mans contado por Avelino González.

Deixámosvos taén os enlaces a dúas webs que traballan especialmente sobre este tema. Aí podedes atopar máis contos, lendas...

Galicia encantada

<https://galiciaencantada.com/>

Asociación de escritoras e escritores en lingua galega.

[//www.aelg.gal/](http://www.aelg.gal/)

Colectivo de Narración Oral Galega (NOGA)

En Instagram

@colectivonoga

En youtube

youtu.be/7rhZj6sBMRw

Esperamos que desfrutedes das contadas, e se a través desta actividade xorden contadas de tradición oral nas vosas casas... aquí estamos para recibilas coas orellas ben abertas. Podedes enviar gravacións a través de whatsapp aos teléfonos das escola.

